



**NARÓN**

# CONCELLO DE NARÓN

## Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/43/2014	CONYI0YO	
1C600K05551V1B560T9H		

## **PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NON CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN DENOMINADO, DAS ESCOLAS INFANTÍS DE PIÑEIRO, SOLAINA E GÁNDARA, A ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO**

### **1.- OBXECTO DO CONTRATO**

É obxecto do presente contrato a xestión do servizo público educativo das escolas infantís dos barrios de Piñeiros (Estrada de Castela núm.501-503), A Solaina (R/ Alexandre Bóveda núm.1) e A Gándara (R/ Bispo Argaya esquina Catro Camiños).

Aos efectos esixidos no artigo 22 do RDL 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido a Lei de contratos do sector público, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer coa realización deste contrato, son por unha banda, a cubrición da demanda de prazas escolares para o primeiro ciclo de educación infantil (de 0 a 3 anos) e por outra banda facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Óptase pola contratación externa dunha empresa que xestione as tres escolas por carecer este Concello dos medios persoais e materiais necesarios, para prestar o servizo por si mesmo.

CPV. 80110000-8 Servizos de ensino preescolar

### **2.- RÉXIME XURIDICO**

Cualifícase o contrato como administrativo, polo que as partes fican sometidas expresamente ao establecido neste prego e o seu correspondente de prescricións técnicas particulares.

Estamos ante un contrato de xestión de servizo público, de conformidade co disposto nos artigos 8.1, 275.1 e 277.a) do Real decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP)

Así mesmo, o presente contrato áchase sometido á normativa reguladora do réxime xurídico básico do servizo que se vai prestar:

#### Normativa estatal

Lei orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)

#### Normativa autonómica

Decreto 329/2005 de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia

Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. DOGA 13-07-2011.

Decreto 254/2011 de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia.

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.



1Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta Consellería, modificado parcialmente polo Decreto 148/2014 do 6 de novembro.

## Normativa Local

Regulamento de Réxime Interior, Organización e Funcionamento das escolas infantís municipais  
Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación dos servizos das escolas infantís municipais

Para o non previsto nos pregos, o contrato rexerá polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, Real decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP); polo Real decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro (RD 817/2009); Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro (RGLCAP) en todo o que non se opoña ao anterior; Regulamento de servizos das corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RS).

De non poder seren aplicadas as normas anteriores, o serán as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as de dereito privado.

## **Sección primeira . Do contrato**

### **3.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, que non se encontren incursas nas prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do TRLCSP, e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Ademais, as empresas adxudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato e dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais abondo para a debida execución do contrato, especialmente, a inscrición no rexistro RUEPSS.

Os empresarios deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial ou profesional que, se é o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

As empresas estranxeiras non comunitarias, deberán reunir ademais, os requisitos establecidos no artigo 55 do TRLCSP.

### **4. TIPO DE CONTRATO**

Estamos ante un contrato de xestión de servizos públicos mediante concesión administrativa regulada polos artigos 275 e ss. do TRLCSP.

O servizo obxecto da concesión manterá en todo momento a cualificación xurídica de servizo público.

A adxudicación do contrato realizarase mediante procedemento aberto con diversos criterios de adxudicación.

### **5.- MEDIOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO**

As características dos centros que o Concello de Narón a de poñer a disposición do contratista para a execución do contrato especifícanse no prego de condicións técnicas e demais documentación que se achega.

**6. RÉXIME ECONÓMICO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN**

1.- A entidade adxudicataria deberá facturar directamente os usuarios o importe da cota de escolaridade e, en función do seu uso, de horario ampliado, almorzo, comedor e merenda, establecidas anualmente para cada curso polo Concello de Narón mediante aprobación da correspondente ordenanza fiscal. En ningún caso as cantidades facturadas aos usuarios por estes conceptos poderán ser diferentes ás establecidas na devandita ordenanza.

2.- Complementariamente, a entidade adxudicataria recibirá do Concello de Narón, a cantidade determinada polo incremento sobre as tarifas fixadas pola ordenanza municipal correspondente, ofertado polo licitador adxudicatario nos termos e cos límites sinalados.

3.- A Administración procederá a aboar mensualmente as cantidades correspondentes, realizándose, se é o caso, os axustes oportunos. Para iso o adxudicatario deberá presentar unha factura pola cantidade resultante de aplicar o criterio establecido no parágrafo anterior, con todos os requisitos legalmente establecidos aos que se achegará unha táboa ou cadro resumo no que se especifiquen os seguintes datos:

- Número de rexistro do neno/a
- Nome e apelidos do neno/a
- Servizos facturados
- Tarifa de aplicación expresada en coste real
- Nº de tarifa
- Contía da subvención
- Tipo de desconto
- Diferencia a abonar polo concello
- Custo total da facturación
- O cadro deberá reflectir a suma parcial de contías dos servizos, a subvención aplicada e o coste a abonar pola entidade municipal por cada neno/a.

En ningún caso o Concello de Narón farase cargo das cotas non pagadas polos usuarios.

Toda nova actividade ou actividades complementarias (contempladas ou non regulamento municipal de E.I.M.s) deberán dispoñer da preceptiva autorización e/ou licenza administrativa previa, do órgano competente, ademais de requirir autorización expresa do concello

**Orzamento máximo do contrato e aplicación orzamentaria.** O prezo do contrato ascende a **2.717.720** euros. Inclúe a achega dos usuarios en concepto de escolaridade, así como a achega da Administración correspondente a duración do contrato.

A achega máxima anual do Concello ascenderá a cantidade de 520.000,00 euros.

**Valor estimado.** Tendo en conta que non se contempla prórroga nin modificación ningunha o valor estimado do contrato ascende a **2.717.720** euros.

Non procede o calculo dos gastos de primeiro establecemento, xa que logo, as tres escolas están en funcionamento na actualidade.

**Orzamento base de licitación:** A licitación versará sobre o custo total dos prezos máximos dos servizos estipulados neste prego, que poderán ser mellorados á baixa.

XORNADAS	TARIFAS MÁXIMAS
XORNADA COMPLETA CONTINUADA	255 €
XORNADA ESCOLAR CONTINUADA	240 €
XORNADA COMPLETA PARTIDA	255 €
XORNADA MAÑÁ OU TARDE	140 €
COMEDOR	100 €



ALMORZO	15 €
MERENDA	20 €
HORA AMPLIADA	25 €

**IVE EXENTO** de acordo co disposto no artigo 20.1.9 da Lei 37/92, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

Para a determinación do prezo do contrato se tivo en conta unha ocupación media de 118 nenos a xornada completa continuada, con almorzo e xantar; 68 nenos a xornada completa escolar con almorzo e xantar e 60 a media xornada, con merenda ou almorzo.

A adaptación das tarifas aos prezos ofertados realizarase para o curso 2015-16, coa aprobación da correspondente ordenanza.

## 7. EXISTENCIA DE CRETO

A execución dos servizos está amparada nas seguintes aplicacións orzamentarias .

Ano orzamentario	Importe	Aplicación orzamentaria	Denominación
2015	520.000,00	32300 22799	Xestión Escolas Infantís
2016	520.000,00	32300 22799	Xestión Escolas Infantís

## 7. PROCEDEMENTO

O contrato adjudicarase por procedemento aberto e levarase a cabo atendendo a unha pluralidade de criterios, en aplicación do artigo 150 do TRLCSP, conforme aos termos e requisitos establecidos en devandito texto legal.

## 8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios de valoración servirán de base para a adxudicación do concurso, sendo de aplicación os seguintes:

	CONCEPTO	PUNTUACIÓN
1	OFERTA ECONÓMICA	DE 0 A 45 PUNTOS
2	MELLORAS	DE 0 A 10 PUNTOS
3	PROXECTO EDUCATIVO	DE 0 A 20 PUNTOS
4	PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	DE 0 A 5 PUNTOS
5	PLAN DE XESTIÓN DO CENTRO	DE 0 A 20 PUNTOS
	TOTAL PUNTUACIÓN MÁXIMA	100 PUNTOS

### A.- CRITERIOS VALORABLES EN CIFRA OU PORCENTAXES

#### 1.- Oferta económica ata 45 puntos

A valoración realizarase de tal xeito que ao menor custo total proposto para o total dos servizos (resultante da aplicación dos prezos finais propostos para cada servizo) outorgáraselle a puntuación máxima e ás restantes atribuiránselles as puntuacións de maneira inversamente proporcional segundo a seguinte fórmula:

$\text{Prezo menor} \times \text{puntuación máxima} / \text{prezo ofertado}$

Para proceder á valoración, a empresa licitadora presentará proposta de tarifas nun cadro-resumo que conteña os seguintes datos:

Servizo tarifado (horario ó que se fai mención, servizo,...)

Prezo máximo estipulado polo Concello (€)



**NARÓN**

## CONCELLO DE NARÓN

Custo total para cada servizo especificado (€)

Custo total da suma dos servizos (€)

A modo de orientación, o modelo a seguir podería ser:

SERVIZO: indicar o/os servizo que se definen no cadro tendo en conta os conceptos contidos na ordenanza fiscal de aplicación.

SERVIZO (xantar, horario atención educativa...)	PREZO UMBRAL DEFINIDO NO PREGO	CONTÍA PROPOSTA BAIXA	CUSTO TOTAL OFERTADO
		CUSTO TOTAL PROPOSTO	

### 2.- MELLORAS (10 puntos máximo)

#### 2.1.- Medios materiais que aporta a empresa (3 puntos máximo)

O criterio obxectivo que se valorará será o custo total que se oferte, derivado dos parciais que se indiquen para cada tipoloxía de material que se especifica a continuación.

Para a concreción do custo total a oferta conterá a designación do material proposto, o prezo unitario e o prezo total.

Tendo en conta que as escolas ponse a disposición da adxudicataria con mobiliario e material para o seu normal funcionamento, a entidade municipal valorará a pertinencia da oferta, previa comprobación da necesidade e verificará polos medios dos que dispón que o material ofertado reúne as condicións adecuadas para o seu uso na Escola.

En todo caso, serán valorables as melloras que inclúan medios materiais non funxibles e inventariables que supoñan un complemento ou mellora do actualmente existente. Serán valoradas as seguintes propostas:

- Modificacións dos sistemas de acceso ás aulas e espazos interiores e nas saídas de emerxencia que impliquen maior efectividade para as persoas usuarias.
- Mobiliario de comedor adaptado ós destinatarios.
- Actuacións nas aulas para mellorar a vixilancia do grupo con instalación de sistemas de visualización nas zonas cegas.
- Equipamento de aulas que redunde na saúde postural e laboral do persoal educativo.
- Equipamento para a zona de cociña e lavandería que supoña un complemento do existente (non se terá en conta o enxoval que se inclúe como obriga neste prego).
- Material didáctico adaptado ás idades dos usuarios do centro.

Non se valorará ningunha proposta que responda a obrigas contidas neste prego.

Este criterio valorarase de xeito que á maior contía ofertada outorgaráselle a puntuación máxima e aos restantes adxudicaráselles as puntuacións de maneira inversamente proporcional segundo a fórmula: Contía ofertada x puntuación máxima/contía maior ofertada.

A oferta deberá ter o seguinte formato:

MATERIAL	USOS	PREZO UNITARIO	PREZO TOTAL

-----	-----	PREZO TOTAL	
-------	-------	-------------	--

**2.2.- Proxecto de iniciación ao inglés (2 puntos máximo):** a proposta deberá ter unha extensión máxima de 5 folios, a dúas caras, folios DIN-A4, tipo letra Times Roman, tamaño 12, alineación xustificada, internileado 1,5.

A proposta deberá cuantificarse por horas totais do curso, debendo entenderse como de obrigado cumprimento durante o período de vixencia do contrato.

Non serán valoradas as horas dedicadas a redacción de informes técnicos e proxectos, programacións previas e aquelas outras que respondan a traballo técnico e administrativo inherente á preparación previa do proxecto. É dicir, valorarse unicamente o tempo especificado en horas que se acrediten como de execución de proposta, debendo, en todo caso, xustificarse correctamente a execución do proxecto na memoria anual.

Ademais da cuantificación en horas, deberá achegarse memoria explicativa do proxecto que indique número de profesionais que se destinarán a este fin, titulación dos mesmos, inclusión do proxecto de iniciación ao inglés na proposta pedagóxica, organización de contidos, metodoloxía, planificación temporal semanal, medios técnicos e materiais, grupos destinatarios.

Este criterio valorarase de xeito que á proposta que realice oferta maior número de horas outorgaráselle a puntuación máxima, e as restantes adxudicatarias adxudicaránselles as puntuacións de maneira inversamente proporcional segundo a fórmula: Horas ofertadas x puntuación máxima/oferta maior en horas.

**2.3.- Proxecto de iniciación á informática e ás novas tecnoloxías (1 puntos máximo):** a proposta deberá ter unha extensión máxima de 5 folios, a dúas caras, folios DIN-A4, tipo letra Times Roman, tamaño 12, alineación xustificada, internileado 1,5.

A proposta deberá cuantificarse por horas totais do curso, debendo entenderse como de obrigado cumprimento durante o período de vixencia do contrato.

Non serán valoradas as horas dedicadas a redacción de informes técnicos e proxectos, programacións previas e aquelas outras que respondan a traballo técnico e administrativo inherente á preparación previa do proxecto. É dicir, valorarse unicamente o tempo especificado en horas que se acrediten como de execución de proposta, debendo, en todo caso, xustificarse correctamente a execución do proxecto na memoria anual.

Ademais da cuantificación en horas, deberá achegarse memoria explicativa do proxecto que indique número de profesionais que se destinarán a este fin, titulación dos mesmos, inclusión do proxecto de iniciación á informática na proposta pedagóxica, organización de contidos, metodoloxía, planificación temporal semanal, medios técnicos e materiais, grupos destinatarios.

Este criterio valorarase de xeito que á proposta que realice oferta maior número de horas outorgaráselle a puntuación máxima, e as restantes adxudicatarias adxudicaránselles as puntuacións de maneira inversamente proporcional segundo a fórmula: Horas ofertadas x puntuación máxima/oferta maior en horas.

#### **2.4.- Calidade homologada: De 0 a 2 puntos**

Haberá que presentar a acreditación de calidade mediante certificado expedido por un unha empresa homologada. Darase a seguinte puntuación por cada unha destas certificacións:

- 0,30 puntos: Sistema de Calidade, certificado segundo INE EN ISO 9001:2000.
- 0,30 puntos: Sistema de Xestión de Seguridade da información certificado segundo ISO/IEC 27.001:2005.

- 0,30 puntos: Sistema de Xestión Ambiental, certificado segundo ISO 14.001:2004.
- 1,10 puntos: Certificado EFQM

## **2.5.- Outras melloras: (2 puntos máximo)**

As melloras referiranse a apartados do Plan de Centro - Proxecto Educativo con indicación precisa e medible, sobre os seguintes aspectos:

- Para potenciar as relacións familiares/participación das familias/información ás familias, etc.
- Para potenciar hábitos saudables.
- No apartado de nutrición.
- No asesoramento psicopedagógico
- Recursos a aportar á escola.
- En materia de educación en igualdade
- En materia de intervención con nenos/as con dificultades especiais
- En achegamento dos nenos/as ao contorno social e cultural do entorno.
- Conciliación da vida familiar e laboral do persoal

Outras melloras.

## **B.- CRITERIOS NON VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES:**

**1.- PROXECTO EDUCATIVO (20 puntos máximo):** deberá ter unha extensión máxima de 20 folio, a dúas caras, folios DIN-A4, tipo letra Times Roman, tamaño 12, alineación xustificada, internileado 1,5. Deberá conter o proxecto de desenvolvemento de educación infantil nas escolas mediante a proposta pedagóxica na que se concreten os seguintes aspectos xerais:

- a.- Obxectivos, metodoloxía e avaliación (ata 6 puntos).
- b.- Contidos e plan de actividades (ata 10 puntos)
- c.- Plan de atención á diversidade: inclusión de medidas de apoio e atención educativa dos alumnos con necesidades educativas especiais, a súa inclusión no proxecto educativo e propostas pedagóxicas do centro (ata 4 puntos)

**2.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS (5 puntos máximo):** deberá ter unha extensión máxima de 5 folios, a dúas caras, folios DIN-A4, tipo letra Times Roman, tamaño 12, alineación xustificada, internileado 1,5.

Relación de actividades con indicación dos seguintes aspectos: destinatarios, persoal e titulación do mesmo, persoal proposto para o servizo, debendo concretar, neste caso, as horas totais mensuais que dedicará a execución destas actividades), temporalización, organización e obxectivos. Só se valorarán aquelas propostas que non se poidan entender como parte do proxecto educativo segundo a lexislación de aplicación. En ningún caso deberán supoñer custos engadidos para as familias ou para entidade local.

**3.- PLAN DE XESTIÓN DO CENTRO (20 puntos):** deberá ter unha extensión máxima de 12 folios, a dúas caras, folios DIN-A4, tipo letra Times Roman, tamaño 12, alineación xustificada, internileado 1,5. Deberá axustarse a esquema seguinte, e conter os seguintes aspectos xerais:

- Organización do centro e xestión de recursos humanos (ata 6 puntos)
- Previsión de asesoramento doutros profesionais (ata 2 puntos)
- Canles de relación co Concello (ata 3 puntos)
- Plan de mantemento (ata 3 puntos)
- Relación coas familias (ata 2 puntos)
- Formación do persoal (ata 1 punto)
- Mecanismos de control e fiscalización (fichas de alumnos, controis de asistencia dos menores, controis de asistencia do persoal, protocolos de actuación para accidentes,

fichas de seguimento, fichas de avaliación, outros mecanismos propostos para a mesma finalidade), (ata 3 puntos)

## **9. EFECTOS DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN. RENUNCIA E DESESTIMENTO**

A proposta de adxudicación do contrato non crea dereito ningún a prol do empresario proposto, que non os adquirirá, respecto á Administración, mentres non se formalice o contrato.

Antes da adxudicación do contrato, o órgano de contratación por razóns de interese público debidamente xustificadas poderá renunciar a asinar un contrato. Tamén poderá desistir do procedemento antes da adxudicación cando se aprecie unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Nestes supostos o órgano de contratación na notificación aos licitadores indicará a compensación que proceda aboar polos gastos en que tivese incorrido na licitación de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración.

## **10. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

A adxudicación do contrato corresponde á Alcaldía ao non superar o 10% dos recursos ordinarios dos orzamentos do ano 2015, deste Concello.

O órgano de contratación alternativamente terá a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa no seu conxunto. A adxudicación acordarase en resolución motivada no prazo máximo de dous meses, a contar dende a apertura das proposicións. Este prazo ampliaranse en quince días hábiles no suposto de que haxa que seguir os trámites sinalados nos artigos 152.3 do TRLCSP e 22 f) do R.D 817/2009, para as proposicións desproporcionadas ou anormalmente baixas.

A adxudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación, indicándose o prazo en que debe procederse a súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso, de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP, entendéndose rexeitada, cando existindo constancia da posta a disposición transcorresen cinco días naturais sen que se acceda ao seu contido.

O órgano de contratación poderá declarar deserta a licitación, por proposta da mesa de contratación, cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo con os criterios que figuran no prego.

O órgano de contratación requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte aquel en que tivese recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social así como, se é o caso, calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se tivesen comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 64.2 da LCSP. Así mesmo, deberá presentar, se é o caso, a constitución da garantía definitiva, o pagamento do anuncio ou anuncios de licitación e a subscripción das pólizas que se indican no prego de cláusulas técnicas.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social perante o órgano de contratación, realizarase:

Obrigas tributarias:

a) Orixinal ou copia compulsada da alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato ou último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do citado imposto.



De estar exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada o seu constitución, a alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes desta.

b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RXLCAP.

Ademais, o adxudicatario non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pagamento co Concello de Narón que de oficio, comprobará mediante os datos obrantes na Tesouraría o cumprimento da devandita obriga.

Obrigas coa Seguridade Social:

Certificación positiva expedida pola Tesouraría da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RXLCAP.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, nos termos establecidos no artigo 151.2 do TRLCSP.

Terán preferencia na adxudicación, en caso de empate, as proposicións presentadas por aquelas empresas públicas ou privadas, que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu equipo un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por 100, sempre que ditas proposicións igualasen nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación. En caso de empate entre varias empresas licitadoras, terán preferencia na adxudicación aquelas que, despois de acreditar ter relación laboral con persoal con minusvalidez nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, dispoñan da maior porcentaxe de traballadores fixos con minusvalidez no seu equipo. Para os efectos de aplicación desta circunstancia os licitadores deberán acreditarla, no seu caso, mediante os correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social.

## **11. Perfección e formalización do contrato.**

O contrato perfeccionarase coa súa formalización

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude ás condicións da licitación e ademais poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento. Neste caso, o contratista deberá entregar á Administración unha copia lexitimada e unha simple do citado documento no prazo máximo dun mes dende a súa formalización.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores na forma prevista no artigo 151.4 do TRLCSP.

## **12. RISCO E VENTURA.**

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, segundo o disposto no artigo 215 do TRLCSP.

## **13. CESION DO CONTRATO.**

Os dereitos e obrigas dimanantes do presente contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que se cumpran os supostos e os requisitos establecidos no artigo 209 do TRLCSP.

## **14. SUBCONTRATACION.**

O adxudicatario do contrato, só poderá concertar con terceiros a realización de prestacións accesorias do contrato, conforme ao disposto no artigo 289 do TRLCSP, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 227 do devandito texto legal.

## 15. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 223, e 286 do TRLCSP, así como as seguintes:

- A perda sobrevida dos requisitos para contratar coa Administración.
- O incumprimento das condicións establecidas en materia de subcontratación establecidas no artigo 289 do TRLCSP.
- A obstrución ás facultades de dirección e inspección da Administración.
- O incumprimento da obriga do contratista de gardar sxiilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e dos que teña coñecemento con ocasión deste.
- A falta de acreditación ou disposición dos medios persoais.
- Non subrogar aos traballadores adscritos aos centros de traballo, que teñan dereito e así o desexen.
- O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de oficio ou a instancia do contratista, se é o caso, mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida polo artigo 109 do RXLCAP.

Nos casos de resolución por incumprimento culpable do contratista, seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados en o que excedan do importe da garantía incautada. A determinación dos danos e prexuízos que deba indemnizar o contratista levarase a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada logo de audiencia deste.

Para a aplicación das causas de resolución estarase ao disposto nos artigos 224 e 287 do TRLCSP e para os seus efectos ao disposto nos artigos 225 e 288 do TRLCSP así como no artigo 110 do RXLCAP.

### Sección segunda. Das garantías

## 16. GARANTÍA PROVISORIA.

Para este contrato non se esixirá garantía provisoria algunha.

## 17. GARANTÍA DEFINITIVA.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa, estará obrigado a constituír unha garantía definitiva. A súa contía será igual ao 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído. A constitución desta garantía deberá ser acreditada polo licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa no prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a que se tivese recibido o requirimento do órgano de contratación.

En todo caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado no Capítulo I do Título IV do Libro I do TRLCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 96.1 do TRLCSP.



**NARÓN**

## **CONCELLO DE NARÓN**

---

Así mesmo, a constitución da garantía poderá levarse a cabo en forma de retención no prezo, de conformidade co establecido no artigo 96.2 do TRLCSP. Nestes supostos, a retención levarase a cabo no primeiro pagamento do importe do contrato segundo o establecido no artigo 61.5 do RXLCAP.

Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, readaptarase a garantía no prazo de 15 días naturais, contados dende a data en que notifíquese ao empresario o acordo de modificación, para os efectos de que garde a debida proporción co novo prezo do contrato resultante da modificación, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución contractual. No mesmo prazo contado dende a data en que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía na contía que corresponda, incorrendo, no caso contrario, en causa de resolución. Para estes efectos, non se considerarán as variacións de prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión deste conforme ao sinalado nos artigos 89 e seguintes do TRLCSP.

### **18. DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.**

Rematado o prazo do contrato, se non resultasen responsabilidades que teñan que exercitarse sobre a garantía definitiva ditarase acordo de devolución daquela.

#### **Sección terceira. Das proposicións**

### **19. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS**

As proposicións presentaranse na forma, prazo e lugar indicados no anuncio de licitación, sendo de aplicación o establecido no artigo 80 do RXLCAP.

No perfil do contratante do Concello de Narón (<http://www.concellodenaron.com>) ofrecerase información relativa á convocatoria da licitación do contrato, incluíndo os pregos de cláusulas administrativas particulares e documentación complementaria, se é o caso.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el asinadas.

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos pregos que rexen o contrato, sen salvidade ou reserva ningunha.

### **20. FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.**

As proposicións deberán presentarse en tres sobres, que conterán: Documentación administrativa, documentación referenta aos criterios non avaliábles en cifras ou porcentaxes e documentación relativa aos criterios avaliábles en cifras ou porcentaxes.

Os sobres presentaranse pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, debendo figurar no exterior de cada un deles o número de referencia e a denominación do contrato ao que llicitan, o nome e apelidos do licitador ou razón social da empresa e o seu correspondente NIF ou CIF. No seu interior farase constar unha relación numérica dos documentos que conteñen. Os sobres divídense da seguinte forma:

A) SOBRE DE "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA" que incluírá, preceptivamente, os seguintes documentos:

1.- Capacidade de obrar.

1.1.- Se a empresa fose persoa xurídica, a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que conste as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de



**NARÓN**

## CONCELLO DE NARÓN

---

que se trate, así como o Código de Identificación Fiscal (CIF), todo iso en orixinal ou copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente, ou fotocopia compulsada por funcionario habilitado para iso. Estes documentos deberán recoller o exacto réxime xurídico do licitador no momento da presentación da proposición.

1.2. Se se trata de empresario individual, o DNI ou documento que, se é o caso, lle substitúa regulamentariamente, en copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente, ou fotocopia compulsada por funcionario habilitado para iso.

1.3.- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, acreditarase mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

1.4.- Cando se trate de empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior, informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar logo de acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan a cotío no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende obxecto do contrato.

Igualmente deberán achegar informe da Misión Diplomática Permanente española, que acredite que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación das empresas españolas na contratación coa Administración e co sector público.

1.5.- As empresas estranxeiras presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ao castelán ou galego.

### 2.- Verificación de poderes.

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen unha persoa xurídica, deberán achegar tamén escritura de poder debidamente bastantado. Igualmente deberá presentar fotocopia compulsada do D.N.I. da persoa a cuxo favor se outorgou o apoderamento ou representación. Se o documento acreditativo da representación contivese delegación permanente de facultades, deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.

3.- Declaracións relativas a non estar incursos en prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de que non existen débedas de natureza tributaria en período executivo de pagamento co Concello de Narón.

Declaración responsable, conforme ao modelo fixado no Anexo II ao presente prego, de que o empresario, se se trata de persoa física, ou a empresa, os seus administradores e representantes, se se trata de persoa xurídica, así como o asinante da proposición, non están incursos en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP, nos termos e condicións previstas neste. Esta declaración comprenderá expresamente a circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pagamento co Concello de Narón.

Así mesmo, poderán incluír a autorización expresa á Administración contratante para que, de resultar licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, acceda á citada información a través das bases de datos doutras Administracións Públicas coas que se establecesen convenios.

### 4.- Acreditación da finalidade da empresa e da súa organización.

